

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CLUB CICLISTA COMPOSTELANO PARA O DESENVOLVEMENTO DE VARIAS PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DE SANTIAGO NO 2021

---

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Luis Neira Fontao, con documento nacional de identidade número 33.289.156-Z, Presidente da CLUB CICLISTA COMPOSTELANO, (CIF G-15065642) con domicilio en Santiago de Compostela na rúa Estadio Municipal Verónica Boquete de Santiago, nº1 Soto 1, C.P. 15.707, con CIF G 15065642, con CIF G15065642, co número de Rexistro na Dirección Xeral para o Deporte C-610 e no de Rexistro Municipal de Asociacións co nº 261.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, acordando

### EXPOÑER

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, “Xeral de Subvencións” e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal para 2020.
- IV. Que o Concello de Santiago para levar a cabo a colaboración co CLUB CICLISTA COMPOSTELANO obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021, que de acordo co seu artigo 33.2, anexos IV e VII achegará a cantidade de **seis mil euros 6.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890008.

E, polo que as partes

### CONVEÑEN

**1º.-** Que é obxecto deste convenio a colaboración entre as partes para a promoción do deporte na cidade e, en particular, da práctica e difusión do **ciclismo** a través da realización de dúas probas deportivas oficiais, nas modalidades de ciclismo en ruta e Ciclocross.

O club ciclista Compostelano - Muebles Compostela encargárase da organización das probas denominadas XX CARRREIRA DA ASCENCIÓN E XX CICLOCROSS CIDADE DE SANTIAGO, que se desenvolverán na contorna do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro os

días 23 de Maio e 24 de Outubro de 2021. Ambas probas figuran no calendario oficial da Federación Galega de Ciclismo.

**2º.-** O CLUB CICLISTA COMPOSTELANO como organizador dos eventos, farase cargo dos medios materiais e humanos precisos para o bo funcionamento das actividades co fin de garantir un correcto desenvolvemento das mesmas debendo, ademais, definir e aplicar unha normativa xeral de competición ou regulamento particular que preserve a igualdade entre os participantes e estableza as condicións da competición.

O CLUB CICLISTA COMPOSTELANO manifesta a súa vontade de adoptar todas as medidas necesarias que possibiliten a boa orde e seguridade dos participantes, cumprimento de horarios, disciplina e espírito deportivo da competición, así como, acadar os permisos que sexan necesarios ante as autoridades e organismos que correspondan, e aplicar aquelas normas e regulamentos que sexan de obrigado cumprimento para este tipo de propostas.

**3º.-** A **XX CARREIRA DA ASCENSIÓN E O XX CICLOCROSS CIDADE DE SANTIAGO** desenvolveranse na contorna do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro, sendo responsabilidade do CLUB CICLISTA COMPOSTELANO adoptar todas as medidas de seguridade, control de aforo, evacuación, sanitarias e demais requisitos que determinen as normativas existentes e os propios plans de evacuación/autoprotección dos recintos. Así mesmo, é responsabilidade do club dar cumprimento á normativa establecida polas autoridades sanitarias e deportivas no que respecta á Covid-19.

A maiores, a entidade deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para dar cobertura ás posibles incidencias que poidan derivarse da organización destas competicións, que de cumprimento ao establecido na lexislación vixente de espectáculos e actividades recreativas de Galicia. Ao mesmo tempo, deberá ter contratado necesariamente un seguro de accidentes para cubrir a asistencia sanitaria de todos os participantes, en caso de accidente deportivo. (as exixencias do seguro de RC poderán detallarse naqueles casos nos que a actividade se desenvolva nun edificio deportivo).

En consecuencia, a súa organización supón asumir unha serie de gastos necesarios para o desenvolvemento da proba que garantan, cando menos, o citado nos parágrafos anteriores.

**4º.-** En todo tipo de publicidade e información farase constar a colaboración municipal para o desenvolvemento destas actividades mediante a inclusión, cando menos, do anagrama do Concello de Santiago en anuncios, material publicitario e carteleira en xeral, así como, nos lugares de competición onde previamente se determinen

**5º.-** O CLUB CICLISTA COMPOSTELANO comprométese a presentar, antes da sinatura do presente convenio para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

**5.1.-** Estatutos da entidade. Acreditación da representación da mesma no suposto de non empregar un certificado dixital de representación de persoa xurídica.

**5.2.-** Certificación oficial da Federación Galega de Ciclismo comprometéndose (ou outorgando) á organización das actividades denominadas **XX CARREIRA DA ASCENSIÓN E XX CICLOCROSS CIDADE DE SANTIAGO**, así como, as datas de celebración das mesmas.

**5.3.-** Certificación da entidade, asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente, do orzamento detallado de ingresos e gastos previstos para a realización de cada actividade.

**5.4.-** Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

**5.5.-** Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**5.6.-** Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta, no que se faga constar o BIC e o IBAN

**5.7.-** Copia do CIF da Entidade

**6º.-** Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

**7º.-** Pola súa parte, o Concello de Santiago comprométese a subvencionar ao CLUB CICLISTA COMPOSTELANO coa cantidade de **6.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890008, destinados á axuda do financiamento dos conceptos de gasto e contías que a continuación se detallan e que figuran expresamente no orzamento xeral de cada actividade.

En concreto, en atención ao exposto pola propia entidade, **3.000.-€** irán destinados á axuda do financiamento da actividade denominada **XX CARREIRA DA ASCENSIÓN**, e os restantes **3.000.-€** para o desenvolvemento do **XX CICLOCROSS CIDADE SANTIAGO**.

Actividade: **XX CARREIRA DA ASCENSIÓN**

Trofeos	843,98 €
Taxas de Federación	85,00 €
Ambulancias	250,00 €
Equipo Arbitral	372,50 €
Speaker	190,80 €
Aluguer de Vallas e Arco de Meta	1.451,62 €
Máscaras e Tests Covid	141,20 €
Carteleira	18,25 €
Material montaxe	217,80 €
Total do orzamento para estes conceptos:	<b>3.571,15 €</b>

Actividade: **XX CICLOCROSS CIDADE DE SANTIAGO**

Trofeos	387,81 €
Taxas da Federación	170,00 €
Ambulancias	300,00 €
Equipo arbitral	410,00 €
Speaker	150,00 €
Aluguer de Vallas e Arco de Meta	719,19 €
Máscaras e Tests Covid	295,06 €
Carteleira	161,91 €
Material de Montaxe circuío	300,00 €
Médico	212,50 €
Equipo e Megafonía	380,00 €
Premios	490,00 €
<b>Total do orzamento por estes conceptos:</b>	<b>3.976,47 €</b>

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado polo CLUB CICLISTA COMPOSTELANO para cada actividade obxecto de subvención.

**8º.-** Para facer efectivo o pago é condición necesaria que o CLUB CICLISTA COMPOSTELANO presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, **como data límite o 30 de xaneiro de 2022**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

**8.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido o obxecto deste convenio.

Presentaranse unha breve memoria na que se inclúan recortes de prensa, fotografías, ..., nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido no punto 4 do mesmo, así como, no caso de que exista, enviarase copia dun video de duración non inferior a 30 segundos e cunha calidade mínima de 1080 p que recolla imaxes xerais/estruturais do evento e específicas da propia actividade.

**8.2.- Facturas oficiais ou fotocopias compulsadas** que se correspondan cos conceptos de gasto e contías que figuran no apartado 7º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2021, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 7ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos pola entidade para a organización deste evento, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificativo supere o importe da subvención recollida no mesmo.

**Excepcionalmente**, só se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como restaurantes, gasolineras, supermercados, etc.). En ningún caso poderán superar a contía de 600 euros. Xustificarse mediante factura ou recibo asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

**8.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se expresen, tamén baixo a súa responsabilidade, as axudas, subvencións, recursos e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para o mesmo fin. Esta declaración deberá vir acompañada dunha liquidación do orzamento de gastos e ingresos da actividade.

**8.4.-** No momento inmediatamente anterior ao pago e no momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

**9º.-** O prazo de vixencia deste convenio remata o 30 de xaneiro de 2022.

**10º.-** O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a anulación da subvención prevista no presente convenio.

**11º.-** A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto terceiro deste convenio, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrncia, igualdade e non discriminación.

**12º.-** De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

**13º.-** Polo Concello poderá esixirse, a maiores das condicións establecidas anteriormente, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

**14º.-** Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a Entidade, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

**15º.-** O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta **ES13 2080 0345 1630 4000 7393 (CAGLESMMXXX)**.

**16º.-** As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como, ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

**17º.-** Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

**18º.-** O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei, 9/2017, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Pola CLUB CICLISTA COMPOSTELANO

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo  
**ALCALDE**

Asdo.: Luis Neira Fontao  
**PRESIDENTE**